

# A N O S A T E R R A

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

REDAICION E ADEMINISTRACION

Rúa Real, 36 - 1.º

A CRUÑA

PRECIOS DE SUSCRICION

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano  
6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO XI



1.º de Xunio de 1927



Núm. 236

## AO DECORREL-OS DIAS

**F**ALEMOS hoxe da actual e vigorosa renascencia literaria galega. Os catro anos que levamos de mutísimo político no orde galeguista fixeron derivar o andar cara o aspecto literario e n'ese tempo foron moitas pero moitas as obras imprentadas. Cada ano que pasou foi en aumento o número de libros dados á pubricidade. Saíron obras de Cabanillas, Castelao, Dieste, Taibo, Otero Pedrayo, Filgueira Valverde, Villar Ponte, Cotarelo, Leandro Carré, López Abente, Salgado López Quiroga, Herminia Fariña, Lisardo Barreiro, novas edicións de Follas Novas e Cantares galegos da imensa Rosalía, ademais das noveliñas que LAR nos proporciona mensualmente e cuío primeiro número acaba de aparecer na «Settimana» de Roma traducido ô italián pol-o notable escritor Solari Bozzi.

Non se pode pedir máis en tan pouco tempo a unha Literatura que despois d'un estado de asombroso frorecer, levou varios séculos en silencio, un silencio motivado por episodios históricos que non imos lembrar agora. O camiño está iniciado esprendidamente e marcado de xeito que non tén dúbida. A nosa literatura, a literatura pensada e escrita no idioma propio volta pol-os seus fueros e xurde novamente á vida vízosa e esprendida. xurdía e fondamente prometedora d'un glorioso porvir.

No que vai de ano xá van pubricados un libro de Cabanillas, outro de Lugrís Freire e outro de Rafael Dieste. Están na imprenta outros novos de Cabanillas, Castelao, Ramón Villar Ponte, Paz Andrade, Eladio Rodríguez, Xaime Prada, un diccionario de Leandro Carré e o primeiro tomo dos «Arquivos do Seminario de Estudos Galegos» de Santiago. Ademais Cotarelo, Otero Pedrayo, Cabanillas, Taibo e outros máis preparan obras que non tardarán en saír. Este ano vai ser fecundo.

Ao dito temos que engadir a reaparición de NÓS o noso baluarte cultural, a labor de A NOSA TERRA e a que de xeito cada día máis fecundo realizan varios xornás galegos pubricando constantemente traballos escritos na nosa fala entre os que meresce especial mención «El Pueblo Gallego» de Vigo en cuías páxinas modernas e ben ourentadas aparecen a cotío artigos en galego encol de arte, ciencia, filosofía e demais problemas serios que atañen á nosa cultura e aos problemas de intrés para Galicia.

Vivimos actualmente uns momentos de aitividade creadora e fecundísima e todos, que son moitos, cantos se intresan pol-a cultura do noso país, o mesmo escritores que lêtores, portan ao seu desenrolo a sua cooperación facéndoa camiñar intensamente en número e calidade. En calidade tamén pois están aparecendo libros en galego que xá quixeran para si outras literaturas que na uatualidade gozan de mais sona que a nosa. Esta seleición en senso de melloramento quizáis sexa o mais intresante aspeito do terra de que estamos a falar.

A nosa satisfacción pol-o feito alentador è grande e a nosa fé moita en que a nosa literatura camiña xa firme e pol-o seu pé. Por iso quixemos hoxe facel-o resaltar n'estas verbas e n'esta páxina cuía finalidade conocen os nosos leitores. E non será moito asegurar que pol-o camiño que imos teremos de chegar a unha época en que a cultura galega volte a ser en prestixio e valor o que xá foi en outras pasadas.

## N A C L A S E

**P**OL-AS fiestras abertas métese a lediza truncante do Maio ourensán: viñas vestidas de novo, hortas latexantes d'auga nutricia e de sol, cantareiros salgueirales do río, tribus de piñeirales escadando as penedías esgrevías, tudo iste anaco de paisaxe entra na crara sala e ven a donar unha figura de vivir os mortos dibuxos dos mapas. Ó sopro tépedo parescen vibrar as soás das serras, afunden-se os sistemas dos vals, navegan os archipelagos e'a rotaceon do grovo.

Tamen o Maio envolve e enche o ser dos estudantes. Arringleirados nos bancos sinten, como os centeos da montana, sopros d'aires leviáns. Testas loiras e morenas, ollares inocentes ou carregados de insospeitadas inquietudes, corpos lanzales, corpos bastos de rillores románecos, cidadáns finiños afeitos ô bô xanlar i-ôs mimiños da casa, aldeáns de fafelo desmariado curto, movementos conteniidos de *foot-ball*, nenas enloitadas, señoritas compostiñas; nos bancos a pechada vexetación human abre suas frores mozas ô misteiro do vivir.

Teñen doce, trece anos. Mais ben pouco siñifica a data do nacemento. Algús son inda nenos, outros homes temperáns. A maor parte das facianas (sobretudo nos primeiros días quentes c'o sol velado, as veces, pol'as brancas nubens da tromenta) non esperian unha

lembranza human; mais ben son anxeles ou demos ou inqedantes eispresións zoolóxicas. Os retratos coñecidos dos pais esvainen'as facianas dos fillos na frouma d'un vivir dirixido quen sabe car'a onde.

Cada lóngo día do Maio ten infindos espazos de tempo pr'os rapazes do Instituto. A cada hora esculcan novos hourizontes e novos dôores nas seráns queimadas pol'o sol, no balbordo cidadán das rúas cando s'acenden as luzes. Ollan novas cousas nos pais, nas amigas dos hirmáns, nas compañeiras, nos amigos. Soilo o sunido das leciós dá un pouquiño de unidade a iste vivir neboento afundido nas ondas vidales d'un mundo novo.

A maor porceon d'istes rapazes son galegos. Tudos saben, inda que non tudos a falen, a sua lingoa. Dian'iles penso na terra, na ridente ribeira frorecida, na vasta montana ascondida pol'os termos do hourizonte. Dentro de tres, de catro anos, cada un collerá o seu camiño. D'iste fato de trinta e tantos estudantes sairán moitos comerciantes, algús funcionarios, algunhas maestras, cicáis ningún labrego. ¿Cantos d'eles serán perdidos prá terra? ¿Cantos mimarán e acougarán a nobre direuceon d'un vivir galego, consecente da funcceon da Galiza no mundo?

Hái-nos chaponciños: primeiros logares nas

oposicións. Háinos d'unha indefrenza fisiolóxica. Tudos o rematarse iste Maio, entran n'un vrán decisivo, cicais, na formaceón do seu cautare. Aquil lampantiñ non perdeu en tres cursos o ser da aldea ¡Ogallá non s'avergoñe endexamais d'ela! Teño fé noutro enredante: non acerta unha resposta mais vinlle os ollos mollados urha vegada en que falando do Carral e dos segadores, dos cruceiros, dos camiños e das leendas do norte, tuda a hora da crase arrecendeu vagamente a outonos e primaveiras galegas.

O vello porteiro que se parece a Cartela abre a porta. N'un instantiño a aula fica valeira. Pol'os craustros e pol'o xardín as rapazas camiñan, moi postiñas, collidas do brazo, os rapazes xogan tolos e cegos, borrachos de liberdade. Algús, meditativos, van isolados, ou corríxen os deberes da crase. Calada e agarimosa chama por todos a vos eterna e espranzada da Terra Nai.

R. OTERO PEDRAYO

## O ENTERRO DA MOZA

*Pé do cadaleito  
tristeiro resoa  
o fúnebre canto  
d'anguriadas mozas.  
E un ritmo lento  
de tristura fonda,  
o adeus derradeiro  
que lle deu a morta  
suas compañeiras  
que cantando choran  
e no canto poñen  
sua i-alma toda.*

*O delor no adro  
reina n-esta hora;  
os ollos, engradan;  
os peitos saloucan,  
i-o pranto é soave  
como era a morta.  
Xa os cantos calaron  
i-a xente está agora  
pé do cadaleito  
de xionllos posta.*

*Non s'oie un salaio,  
que os rezos o afogan,  
nin se ven as caras  
que o delor baixounas.  
¡Qué triste está a aldea!  
¡Qué triste, qué soial!  
Sin ledicia queda  
co a morte da moza.*

*Paseniñamente  
métena na coba  
i-ô cubrir de terra  
sua caixa de noiva  
bicana primeiro  
e despois lla botan  
con mais agarimo  
que si fora groría.  
¡Ai quen afinara,  
quen poeta fora  
capaz de pintare  
o enterro da moza!*

BEN-CHO-SHEY

# A GATA DA FIDALGA

A señorita Antonia é a dama de máis señorío da bisbarra. Xa está entrada en anos, e, asegún a xente, algo cismática. Na súa mocidade estivo pra se casar c'un fidalgo, home asidado e de creto, pro algo amigo das mozas. Cando a señorita Antonia soupo que tivera un fillo d'unha caseira, esquirbeulle dicindo qu'a súa obriga era casarse con tal muller. Nunca máis abreu as cartas do fidalgo nin consinteu en falarlle.

Agora vive c'unha criada vella, entregada á vida devota. Sae á rúa moi composta, con aba deic'ós pes, brusa ata baixo do queixo, i-o cabelo como nos seus vint'anos. É muller afizoada ô antigo. Ten viaxado en tren, mais non se puxo aínda enriba d'un automovel, cousa pr'ela contra natura.

Tan honesta é, tanto noxo lle dá o pecado da carne, que nin nos animais o disculpa. Ten no enxido galiñas e nin un galo; non quer manter vacas por non mandalas ô touro.

A falla de fillos, adícalle todol-os seus aloumiños a unha galiña d'Angora que fai tres anos lle regalou un parente qu'estaba de consul en Scutari. Lávaa todol-os días, peiteaa, bóttalle colonia, pona a dormir no seu leito, dálle de comer na mesa, a seu caron, sin deixarlle lamber os pratos como fan os micos mal ensinados.

A gata, *Micholas*, está tan ben educada coma calquera señorita. Ten pr'á súa dona falas moi quedíñas no seu lingoaxe, deitáselle enriba dos pés, acóchase no seu colo, pásalle a língoa pol-as fazulas. Ata fai as necesidades no mesmo lugar que súa dona. Fállalle a ialma pra ser un cristián.

Sente pr'ós praceres da carne a mesma aversión qu'a señorita Antonia. Ollou sempre con desprezo os gatos qu'a cortexaron.

A fidalga non cabía en si de contento reparando n-aquela dinidade virxinal da súa afillada, fóra a ialma, qu'así lle chamaba. Coido qu'era pra testimoñar a súa pureza, pol-o que

sempre no pescozo lle penduraba un laciño azul.

¡Ai! A felicidade da señorita Antonia trocou-se agora en moura tristura.

Un gato negro, bohemio e tenorio, da vecindade, ollou un día pr'á *Micholas*, que, con moito aquel de señorío, tomaba a raxeira morna de xaneiro na solaina da casa. Coma ós máis, a galiña fitouno por riba das costas, pro o «*coupde fléche*», disparado pol-o ollar degoroso do galo romántico i-anónimo, chantouse súpeto no seu seo mol. Ficou presa nas redes do amor. I-a honestidade cristiáña, concete, da michiña alba e fidalga comenzou a esbo-rallarse.

Con forzas inda «pra loitar antre o amor i-as suas arraigadas convincións», arredouse a *Micholas* da vista do galán, que ficou moitas horas cos ollos espetados na solaina.

Aquela noite estivo inqueda, dormeu pouco, soñou.

Ergueuse cedo, correu pol-a casa, non comeu, refregouse moito ás pernas da súa dona; laiendo.

Pol-a tarde, aproveitando a ausencia da señorita, saiu á fenestra. No curuto do tellado d'enfrente estaba o gato namorador. Ao mirar á súa dona comenzou a dar voltas ô redor do rabo e pinchos moi garbosos. A gata mandoulle olladas lenes i-amorosas, acenándolle co seu mesmo rabo. Era o sí.

En toda a noite *Micholas* non pechou ollo. Pasouna en vixilia, lembrando ô seu amador.

Inda cantaba o roiseñol. Choutou do leito e, nova Xulieta, sortiu á solaina. Baixo d'ela, no xardín, estaba o seu Romeo. Sin se decatarse do que facía, a doncela botouse abaixo. Pegou a fuxir por antre os macizos; il corría tras ela, entoando uns tenros, docísimos *miaus*, qu'eran com'un epitalamio futurista en si bemol, orquestado pol-o da cotovia...

A señorita Antonia espertou. Ao non ver á súa púdica compañeira, ergueuse axiña, cha-

mouna pol-a casa, cacheou por ela, hastra oucir a alborada gatuna do xardín. Ollou pol-a ventán.

N-aquil intre, *Micholas* entregábase tremente e voluptuosa ô amante encalatrador...

A dona caiu sen senso. Estivo con frebe, delirou moito, repetindo sempre:

- Coideite como unha filla. E caiches, deshonesta, caiches, coma calquera mal criada, na propia casa, diante de min... Fuxe, fuxe da miña vista, desleigada.

Pasou xa un mes.

*Micholas* engorda cada día máis.

A señorita Antonia quixo botar da casa; mais, é muller, non fivo curazón,

Agora está a preparar un leite mol, d'algodón en rama, i-unha mantiña guateada pr'aquentar ós michiños que nazan.

- Miñas mayas, son animalíños d'El Señor! Qué culpa teñen eles dos malos pasos da súa nai!

J. NÚÑEZ BÚA

## O homenaxe a Cabanillas

Sucedeu, desgraciadamente, o que temiamos. Non fivo o homenaxe a emoción que debiera nin a adhesión fervorosa de quen coñece a fondo a obra do poeta.

Deslizouse n'un ambiente de fría oficialidade que rifaba co'a persoalidade a emoción que dimana de toda a produción do poeta da Raza. Houbo incluso algúns participantes no aito que non sabían con certeza o nome do vate e chamáronlle Cabanellas e Cabanilles. Rodríguez Viguri fixo un discurso adaitándose ao ambiente ou quizais algo mais galeguista que o ambiente falando con exactitude do significado do noso idioma, da persoalidade de Galicia e da cultura galega. Sin emoción refrexou bastante xustamente a persoalidade de Cabanillas e o degoro de vida que atualmente sinte a nosa raza. Xa os xornás deron ampras reseñar do discurso labor que nos aforramos. Superou ao que agardábamos anque non chegou ao que Cabanillas e o significado do aito reeramaban. Un de tantos aitos que non estorban e que se cadra fan o seu labor.

Mais o verdadeiro homenaxe ao noso poeta aínda está sin facer. Por agora compre pedir a todol-os galegos sintan a cobiça de leer, de aprender, a súa obra. Os que temos feito d'ela o noso catecismo levamos de cote no corazón o verdadeiro ho-

menaxe fondo e emotivo ao poeta actual do pobo galego. Que todol-os galegos cheguen a eso, a comprender os seus mandatos, as suas arelas, con emoción, con fonda verdade e sin afitudes teatrás ateiçadas de oficiosidade. A eso temos que aspirar e será o mais grande homenaxe que poderemos rendir ao poeta e o que él mais agradecerá na súa alma xenerosa, patriótica e sinxela. De todo o realizado queremos destacar o acordo das Diputacións de Pontevedra, Lugo e Ourense de subvencional-o con 3.000 pesetas anuás cada unha d'elas. Eis tamén un verdadeiro homenaxe. Compre felicitar as tres Diputacións por tan honoroso acordo e protestar enérxicamente do acordo tomado pol-a Diputación de Tenreiro.

Cabanillas sabe canto o queremos e con que devoción o ademiramos os que a coñcío depositamos n'estas follas o noso pensar galeguista e sabe que o homenaxe que él merece, na nosa alma levámol-o fondamente sentido, dende que adprendimos a rezar con devoción a súa maxistral obra poética e patriótica.

LEA VOSTEDE  
A REVISTA  
MENSUAL

NÓS

BOLETIN DA  
CULTURA  
GALEGA

## O egoísmo de ultratumba

**M**orto me ten dado que pensar o testamento de unha señora que lin n'un xornal.

Eran tres irmans con unha fortuna enorme. A medida que fôran morrendo foron deixando. Un Castelo pra misas. O diñeiro pra novenas, e a derradeira que morreu fai pouco, deixou un millón tamén da mesma forma.

¡Ou moito mal fixeron n'este mundo pra precisar de tanta misa, ou non son caridosas! ¡Tanta xente que non ten que comer..! Tantos nenos sen ter onde recollerse, vagando pol-o mundo sen amparo..! Tantos hospitaes... Tantas casas de Benificencia... Tanta falta de ESCOLAS onde poderían ter empregado o diñeiro! Pensando un pouco nos outros tamén!

É d'un egoísmo revoltante quen pensa sô en si, e mais aínda cando se pensa, en si, aquí, e no outro mundo. Pra pensar no outro mundo é preciso facer ben eiquí, pra non ter medo da pasaxen d'este pro outro. E preciso ser caridosos co próximo, Non falar dos outros, ocupándose da vida allea. Non pensar que todo iso non ten que ver, con tal de contal-o todo o crego. Xa estamos libres pra pecar de novo! Xa podemos començar!

Unha fortuna dada pra fundar unha escola, e sustentar todos os nenos probes, exixindo que sexa unha institución Católica, que todos os días antes de començar o traballo, recen unha Salve pol-a alma da defunta, e ensinarlle a ser agradecidos (do que hoxe en día se carece tanto) a persoa que se lembrou dos probes. Sen contar cos hospitaes. Paréceme que iso sería pensar un pouco nos outros.

Faime pensar que estaban con pena de non poder levar o diñeiro pro outro mundo, e fixeron así o testamento pra ver si d'esa forma con *moitos responsos* conseguían que *pra lá pasase algo*, mais unhas personas así, aínda que o conseguisen, e si se precisase diñeiro no outro mundo, con certeza non eran capaces de dar unha esmola.

O maior pecado é o egoísmo!

Paris 1927.

CORONA GOZALEZ

LEA VOSTEDE A **LAR** QUE SE EDITA  
NOVELA GALEGA MENSUALMENTE

## Perdeuse o meniño

*Qué desgracia! ¡Perdeuse o meniño!  
¿Morrería afogado na fonte?  
¿Comerían os lobos no monte?  
¿Collerían as rodas do muiño?*

*Qué consolo habrá dende agora  
pr'o delor da probiña da nai?  
¿Qué lle vai á decir ela ô pai,  
cando volva, contente, de fora?*

*¡Mais posibre non é que morrera!  
¿Andará por camiños leixanos?  
¿Roubarían algunhos xitanos  
ô enxergal-o bunito qu'el era?*

*Din qu'hai meigas ruins qu'engaritan  
ôs meniños que pillan á man  
e, pra certôs remedios que fan,  
ôs meniños os untos lles quitan.*

*Certamente unha bruxa o roubou,  
pra curare algún vello mirrado...  
¿Ou caeuse dend'algún valado,  
y-antr'as sllvas firido quedou?*

*Teño medo o collera un suxeito  
qu'axexando anda pol-os camiños  
e que zúgalle o sangue ôs meniños  
pra curare doenzas do peito.*

*¿Qué faguedes, que llo non buscades,  
veciñanza, parentes e amigos.  
do delor da naiçña testigos?  
Ide aixiña ver se llo alcontrades.*

*¿Non a vedes coma se repela,  
no seu pranto abondoso bañada?  
¿Quén a i-alma tén tan desleigada,  
que non chora ô escoital-a, con ela?*

*Era ruibo com'as alboradas,  
tan bermello com'unha mazán  
e levaba unha figa na man,  
pra libralo de malas olladas.*

*¿Cóma foi que se puido perddere,  
se sua nai nunca soyo o deixaba?  
Non tén volta, o ladrón axexaba  
un descoido... e botou á correre.*

*¡Qué desgracia!... Sen o picariño,  
¿qué vai ser dende agora da nai?*

*¿Qué lle vai á decir ela ô pai,  
cando volva e non vexa o meniño?*

AVELINO RODRIGUEZ ELIAS

## ENCOL D'UN ARTIGO

**T**ENHO recibido varias cartas de elementos agrarios galegos qu'atopen axeitadas e dinas de seren levadas a cabo ás ideas que no artigo «Cousas» publicado no derradeiro número expoñía encol do agrarismo galego. Alédame fondamente que así sexa e alédame máis que haxa en Galicia quen pensa adicarse a unha labor de organización agraria que tan precisa resulta. Insisto en que os autuás momentos son axeitados para esa organización agora que non hai que loitar contra os elementos caciquis que impedirían a organización nin pensar en loitas eleitorás que distraerían a atención. Trátase únicamente de se organizar en Sociedades de apoio e de defensa sen pensar por agora en outras autuacións as que de chegar axuntaríanse ao momento en que fosen efectuadas.

Entre as cartas que recibin figura unha de D. Francisco Vázquez Enríquez, na que mostra a súa conformidade e anunciame que el con outros elementos xa ven autuando. Queixase ao mesmo tempo do que fai dous meses foi presentado no Goberno civil da Cruña un regra-

mento de constitución da Sociedade agraria das parroquias de San Vicente, Cando, Outes e Matasueiro, e que a pesar do tempo transcurrido aínda non lles foi devolto aprobado.

Quero con estas liñas siñificar a miña estranexa ante este feito debido seguramente a trámites burocráticos xa que non pode ser que estas organizacións deixen de ter o apoio das Autoridades autuás principalmente interesadas, según propia confesión, en desterrar o vello caciquismo e cobizar o progreso vital de elementos tan interesantes na vida dos pobos como os habitantes do agro.

Confío en que será cousa feita a aprobación d'este regramento como de cantos máis con ese ouxeto sexan presentados a quen corresponde e que o exemplo das Sociedades que indica Vázquez Enríquez na súa estimada carta cunda en Galicia enteira para que vexamos en preña floración dinámica a intensa e fecunda canteira vital que encerra a nosa terra nos seus agros verdadeiros pilares da alma e da vida do noso pobo.

V. C.

## AOS NÓSOS SUSCRITORES

**N**ON podendo xa realizar o cobro da suscripción de fora da Cruña por medio de recibos e esixíndonos o Banco facel-o por letras, supón para esta Administración un recargo enorme nos gastos. Para arranxar en parte esta dificultade vémonos obrigados a facer o cobro por anualidades, e non por semestres como o viñamos facendo, co que aforramos dobres gastos.

Pol-o tanto permitímonos poñer en circulación letras a oito días vista por valor de 6 pesetas que importa o ano

de cada suscripción a partir da data do derradeiro pago co que os nosos suscritores veñen a abonar aínda non un ano adiantado.

Rogamos aos suscritores garden boa acollida a estes xiros co que nos farán o favor de nos aforrar unhas pesetas non supoñendo para eles recargo ningún e sí a ventaxa de que somentes teñamos que os molestar unha vegada ao ano. E un favor que moito estima e agradece

A ADEMINISTRACIÓN

# DE ANTRÓIDŌ

ERAMOS ús corenta rapaces os que aquela mañá de Febreiro collimos pouco menos que por asalto catro coches, dispostos a correl-o Antróidŏ polas vilas da provincia. A maioría porparábase a non deixar sano un curazón de quince primaveiras, tales á certificar a bondade de todol-os viños, outros a esco-rrentar ou esquencer un momento suas coitas ou suas perpetuas amarguras; todos legres, ditosos, animados, pensando n-as cintas e lazos que á volta locirían pol-as ruas de Ourense endiante, como trofeos da conquista.

Restralaron as trallas, xemeron os coches, cantaron ús, tocaron outros guitarras, bandurrias ou pandeiros, e botamos pr'adiante, camiño de Allariz.

A mañá estaba fermosa, o sol locía como n-unha romaxe do vrau, e os coches rebosando rapaces pol-as ventás, pol-as bacas, pol-os pescantes, corrían e corrían, levando ás costas aquela presa de xuventú legre, vestida de vivos côres, riba os que destacaban, bicadas pol-o vento, ondeantes, as prumas dos birretes e as golás das abullonadas chaquetas.

Ō paso pol-as aldeas recibíannos conberros e aturuxos, espresíós de pasmo ou de recelía, e non faltou quen nos preguntou de que rexión vestíamos o traxe, si marchábamos pra guerra de Cuba ou si éramos comediantes; e de todo había: misturanza de rexíós, quenes á volta vestirían o traxe de raiadillo, e aficionados ō teatro, como o que istas líneas escribe, afición orixe do caso que vos hei contar.

Carrereira endiante, botamos un tacho en Taboadela, rubímol-a costa á pé pol-o interminable atallo que, según o que tocaba a fruta, parecía o maxín de certo picapreitos, pol-o engrilada e, sin fin, e chegamos ō alto renegantes e sudosos, abafados de calor que a fresca bris da montana foi atemperando.

Os risoños paisaxes da campía ourensá, socederon as aridezes da serra, hastra escomenzar a baixada e ver a pratexada cinta d'Arnoia bicando os pés de Allariz, que co-as suas veillas casas de pedra renegrída, en costa, e seu antigo convento, ten ise aspecto señorial e severo dos pobos nos que se refuxiaba a fidalguía do contorno.

Non penso facer eiquí a descripción da paisaxe nin do lisonxeiro e nunca ben agradecido recebimento que nos fixeron, nin da nosa función e as nosas serenatas, porque o lance que motiva istas líneas, alcurriume en Xinzo.

Salimos pr'alá ō outro día ben humorados e contentos, topamos n-o camiño bds compañeiros que agardaban por nós, e xuntos pasa-

mos pê da torrè de Sandianes que refrexa a triste e venerable silueta n-as desertas e mortas augas da laguna Antela.

Chegamos ō pobo entre cubos de foguetes, festas e gasallos; pro o demo, que non tenque facer, propúxose xogarme á min e a todos unha boa partida.

Salira eu da casa non moi restabrecido da miña doenza; o viaxe, o baile, o insomnio e a falgia fixeron o demais, e chegada a hora da función, topeime con mais alentos pra morrer que pra salir á escea.

Non se podía borrar aquil número do programa, non había quen me susitiuira, por non saberen o papel, e ali foi ela. O afan de non deixar mal ōs meus compañeiros, o bô humor do que connigo compartía as grorias teatrales, disposto sempre á botar por calquer camiño, decidiume por fin, e deitado nun divan do Casino, dispuxen a colocación da escea.

Foi a obra por nos escollida, *Noticia fresca*, e como dixéranme que pol-o vau da ventá que simula a decoración viase a parede do escenario, mandei que puxeran de fondo un bastidor calquera, sin recear das maus que tiñan o pandeiro.

Soaron as tres campâdas de rigor, metinme no simulado leito, i-ergueuse o telón.

Como saíu ō principio non-o sei; meu compañeiro falaba pol-os dous, eu non sei o que decía, hastra que pouco á pouco fun reaccionando e recobreime, lomando conta das táboas.

Chegamos ō pasaxe n-o que tiñamos que somarnos á ventá, e sin mirar pra ela, escomencei:

•El tejadillo que ves,  
proyecta su sombra allí  
á las dos, y llega aquí,  
proximamente, á las tres.  
A las cuatro. . . . .\*

e non puden seguir. Somáramonos á ventá pra vel-o tal tellado, e cando pensábamos ver un bastidor calquera, topámonos c-un accesorio de *D. Juan Tenorio* que en grandes letras decía:

AQUÍ YACE  
D.<sup>RA</sup> INÉS  
D. E. P.

A sorpresa do caso, certos amoríos c-unha rapaza abandoados por correl-a troula, e o codazo que recibin, foron causa de que o final do verso saíra en forma de unha carcaxada a boca chea; ō meu amigo víronlle famên risas caladas, e aquilo foi a mar.



Pasaba o tempo e nós seguíamos rindo como loucos; os compañeiros, entre bastidores, miraban pra nós esparlados, o púbrico non sabía que facer, si rir tamén ou amoscarse, i-eu comprendendo que, mentras estivéramos xuntos n-o escenario, non parariamos de rir, íbame chimpár fora, cando o outro colleume por un brazo, fixome dar á volta o púbrico, e con aquela frescura inimitable que Dios lle diu, dixó muy séreo:

- Boeno, é igual: parouse o riló; continúemos.

E seguiu tan campante botando versos por aquela boca, levándose o púbrico, e salvando

aquela situación por momentos mais difícil e que vía xa mal parada pol-o pouco sentido do que facía de tramoyista.

Seguin e terminei como Dios me diu, e in-da o felón non baixara, oubíronse outra vez dúas risas que, sin tēr xa porque gardarse, parecían de loucos.

E in-da é hoxe o día que non podemos falar de aquela memorable excursión sin lembralo caso entre grandes carcaxadas, non pol-a gracia que teña en sí, si non pol-as circunstancias que n-il concurriron, que non foron poucas.

FRANCISCO A. DE NÓVOA

## Os xogos froraes no progreso da literatura

Recentemente celebráronse en Barcelona os xogos froraes do ano 1927 para os que se recibiron mais de dousecentos traballos.

Tivo lugar tamén a gran festa literaria conmemorativa d'outros xogos froraes memorábeles onde fora premiado *A atlándida*, o famoso poema de Mosen Verdaguer, e outros escritores catalás que deron á sua patria días de gloria coas suas obras inmortaes.

Sempre en Cataluña adicouse unha grandísima atención a estas festas pol-as que a literatura catalá chegou á adequirir unha importancia extraordinaria, recoñecida hoxe ondequeira que se fale das letras catalás.

Refiríndonos a Galicia, vemos como cáseque se lle non dán importancia a estes actos, e até se lles combate coma cousa *demodé* e ridícula. Noustante lembramos que *A Virxe do Cristal*, a tan sonada composición de Curros, quizaves se non tivera escrito se non fose pol-a celebración d'aqueles xogos froraes para os que foi maxinado, e onde outivo o premio. O mesmo aconteceu con *O gaiteiro e Unha boda en Einibó*. Así ocorreu tamén con algunhas das mais celebradas poesías festivas de Enrique Labarta e con outras de diversos autores.

Noutras manifestazons literarias como no conto, na dramática, aínda na novela, tamén a celebración de certames foi sempre un estímulo para os escritores e non eisistirían hoxe moitos traballos que arrequecen a nosa literatura se non se tiveran organizado os concursos que estimuláron a os nosos escritores.

A celebración de xogos froraes, ben organi-

zados con bós premios, e cun xurado competente e imparcial, é pois un elemento de progreso para a literatura que non debe de se desbotar, senon pol-a contra agarimalo e instituílo como festa periódica con toda a importancia que ten e con todo o interés que merez.

Hai poucos anos tamén celebrouse en Santiago unha festa da Língua Galega que foi un trunfo para os organizadores e un acto importante, cultural e artisticamente, é pois comente pensar seriamente en organizar festas análogas dándolles todo o valor que teñen en realidade para o progreso da literatura galega, que agora está atravesando unha época de grande e intensa actividade, e que por este medio, co estímulo que os premios e a honra de os merecer sinifican para os escritores, contribuiría moito para o arrequecemento das letras galegas.

Doutra banda, eisiste o proxeito de adicar un premio anual en lembranza dos nosos gloriosos Murguía e Rosalía, e para este ouxeto recolleranse algunhas cuotas que deben acadar uns centos de pesetas.

Ben co gallo do premio Murguía-Rosalía, ben con calquera outro, ou simplemente por facer unha festa culta, debense organizar uns xogos froraes que todol-os anos vaian servindo de estímulo para os que adican a sua labor a traballos literarios ou centíficos dentro da nosa terra e na sua propia fala, única maneira de fomentar intensamente a cultura galega.

RAMÓN ALVARIÑO

# LEMBRANZA DOS LOITADORES

## HOMES E NOMES

**D**ENDE meniño doume a gana de facer de cole pol-o amor a miña terra, cousas que non son pra esquecemento.

Cando ninguén m'ollaba, soía escribir eu nos papelíños brancos que atopaba na miña cás, os nomes dos galegos e das cousas que ouvia nomear en galego; e cando chegou a hora de liscar, coma quen dí, lonxe da nosa nai, xuntei aqueles recordos meus e leveinos comigo pra as outras alongadas terras das Américas.

C'os anos, os apuntes meus sirvónme de moito nos acostumados trafegos.

•HOMES E NOMES• galegos, fixeron de min un galego con credo d'amor a Terra.

¡Eles foron o meu *credo*!

Dos meus amores donos, non viron xamais en min un desleigado.

Fun pra eles o millor amigo e por eles tiven no meu maxin, e no corazón meu, a imaxen da santa Nai Galicia.

•HOMES E NOMES• levade, xuventú de agora, pra ben do voso peito enxebre, - de co- te no corazón.

Eles vos falarán de Dios, da Raza e da Pa- tria.

## A RAZA GALEGA

**P**OLO que leva ela feito, dende que veu a vida; pol-as suas mais anergas e brillantes faza- ñas hestoriadas, eisi coma tamen pol-a parte que tomou no descubrimento das terras colo- nianas, e hasira nos derradeiros tempos das loitas coloniaes, que fono as mais lucentes probas da heroicidade dos nosos irmans, a *raza galega* é merecente de un fondo e subli- me poema épico. Mais, non se fixo. Tivemos uns séculos de frolecimento pra se facer, e agora levamos moito sentimento pol-o que non fixeron os líricos nosos.

¡Canta ledicia, se houbese xurdido a facel-o, o cantor da nosa *raza*, o autor d' *O Divino Sainete*!

A nosa Galicia, tivo na sua dourada, fulxen- te e fonda vida o mais perciso pra lle adicar o poema da xigantesca realidade galega

¡E non chegou a nós o cantor épico, can- do nosa lingua e nosos feitos chamaban por él!

¡Erguérase o espírito da *raza*, c'o-as estrofas reás, c'os máxicos cantos d'un enxebre e ex- celso novo Camoes, rindindo unha obriga de- rradeira, de sentimento aceso, aos pés da nosa feiticeira Nai!

¿E cando, e canto virá o día de ollar impren- dado o máxico poema, *Os Eoas*, de Pon- dal?

No porvir, inda pode tornar a espiritualidade xigantesca que faga unha nova e valente cru- zada, pra que os poetas videntes da grandeza da patria entoen grosiosos os hinnos inmortaes e as épicas estrofas poemáticas.

¡Eu teño fé n'ise porvir!

## AS NOSAS FADAS

**A**s nosas fadas, pra min, sónvos as mais no- bres, valentes e xenfis mulleres galegas.

Han vir, c'o tempo, a relembra os feitos das meigas fillas de Galicia, coma xa viñeron ou-

tros a cantar suas allísimas virtudes, historia- dores enxebres que fagan rivivir nas suas pá- xinas os séculos d'ouro da *Raza Galega*.

¡Ou tempos, nos cales as nosas fidalgas

mulleres distinguíronse pol-os seus sobrimos corazóns e os seus entendimentos sobrimos!

¿Quén fala hoxe das groriosas e xigantes mulleres de Galicia, nomeadas *Agape, Eteria, Ilduara, Leogundia, María Castaña e María Pita*?

¿Quén, das virtuosas, fidalgas, e fermosas *Inés, Isabel e Xuana de Castro, Condessa de Lemos, Teresa Herrera e Xuana de Vega*?

¿Quén, das tres mais ardentes almas galegas, as escrarecidas, eximias e valentes nais dos pobos de Galicia, as dos feitos groriosos, as xeniales e xemelas almiñas de *Rosalía Castro, Concepción Arenal e Sofía Casanova*?

Galicia xa non recorda das moitas mulleres enxebres, valentes e xeniales que Dios lle dou.

Os homenaxes dos pobos galegos teñen de vir pra ercer o espírito da xusticia, pol-as mulleres que lles deron os seus mais admirabres froitos. Recorden eles cánto fixeron pol-a terra a Pardo Bazán, Manuela Cambronero, María Francisca de Isla e Losada, Narcisa Pérez Reoyo, Clara Corral, Emilia Calé, Isabel de Ben, Elvira Luna, Fanny Garrido, Filomena Dato Muruais e Francisca Herrera, e moitas mais das que hoxe non se lembra o povo galego, coma aquela nobre, talentosa e querida Virginia Auber, no desterro.

Lembremos ás nobres mulleres nosas, as diviñas almas galegas pra que topemos de cote, nos eidos do nosa amor, mans de brancura que coroen tamen aos xenios varoilles da nosa raza.

É mesler falar agora, e mais despois, d'unhas xigantes compañeiras que viñeron a groriar o nome da nosa Nai Galicia.

Se non relebrades as xigantes almas de mulleres d'outros idos tempos, non estimularedes ás que inda hoxe loitan pol-a Patria.

Eu recordo agora que eiquí, na mesma Cruña, temos nós tres exemprares virtuosos, fortes, xeniales, que loitan caladas as máis das veces.

Refirome a *Mercedes Tella, Maruxa Barbeito e Celia Brañas*, todas tres mestras na ciencia pedagóxica.

Elas, xuntas, ben dispostas, poden hoxe adicar unhos momentíños a facer o libro das galegas.

Adíquense. - e vai de rodo - a facer pol-a muller galega canto poidan nos ocios que teñan.

Veñan, pois, as «*Lembranzas das antergas e modernas fillas de Galicia*», feitas pol-as mans das tres meiguíñas fadas cruñesas.

E Diol-as deixe vivir moitísimos anos pra ben das nosas estudosas e garridas nenas.

E que non deixen de facere e as tres axuntadas, o libro das galegas ilustres...

Hai que escribir moito, galeguiñas; e divulgar nos libriños curtos e baratos as excelencias da Raza.

¡E Dios diante!

¡Terra, a nosa!

## UNHAS LIÑAS

# MACENAS E CRESOS

**S**E miñas follas tivesen a sorte de caír nas mans dos adineirados galegos, véian eles istes meus rogos, que lles adico:

Galicia, meus señores, precisa de Mecenas e de Cresos pra erguer as suas belezas morás e materiaes. Vinde vos, ¡ou, almiñas galegas!, a protexer a boa literatura do voso país.

Fai moitísimas falla a saudosa axudiña dos homes de sorte, e de cartos. ¡Os cartiños! ¡Aí! Eles poden faguer moito.

É mester imprentar belos libriños de leituras galegas.

Uns volúmes que nos falen dos fillos ilustres de Galicia, dos seus feitos e das suas léndas mitolóxicas, pois d'istas derradeiras inda pillarán, vindeiros compositores e poetas galegos, as belezas que seian mester pra o creamento da *Opera Galega*.

¡Cousiña xigantesea do porvir!

Hai, ainda, que facer outros volúmes: os adicados á terras xeitosas, vilares e cortiñas; uns novos que falen das minas, dos froitos, das riquezas do noso chan; aos portos e dos ríos, de pontes, canales, camiños e fontes de augas

cristañás e saudosas, das que dánlles vida aos mortos. ¡Qu'ó demo me non leve!

Outros libriños mais hai que facel-os: os das meigas costumes nosas, os das ridentes paisaxes galegas, os dos moimentos; e cousas anfergas dinas de se ollar.

Cavilen, os nosos Mecenas e Cresos, que temos nós d'abondo homes xeniales ben dispostos pra fraguer c'oas prumas canto moitas veces non pódese conquistar nin pol-os ouros dos Cresos.

Eu sei que se vos adicades, meus señores, a tan alto trafego, han rogar pol-as vosas almas, e tamén pol-as almas dos vosos páis, irmáns e mais parentes, os millóns de fillos da *Raza Galega*, espaxados pol-o mundo. E os da *Raza Lusitana*, pois ambas, as dúas, teñen centos de milleiras almas, e dos seus niños saíron pra as Américas algúns millóns que falaron e escribiron nas dúas línguas.

Señores Mecenas e Cresos: Eu vos brindo a inmortalidade. ¡A conquerila! Donade os cartos, terédel-a gloria. Os meus rogos xa foron ditos.

Agora, agardo pol-os vosos feitos. Galicia, pois, agarda.

¡Patria, saúde, e ouros!

## O FIN

Nosa Galicia, ¡ou Galiza! viviu uns tempos de dôr e de afogamento pol-o cerco posto contra éla, traballo de séculos feito pol-a mais caliva das suas irmáns, unha postiza.

Agora, xa é outra; nova, noviña, xentil e meiguíña, ergue o seu seo e o seu corazón a novas arelas de milloranza e vai camiño de chegar a unha grandeza xenial e ditosa.

¡Amén!

XUAN FERNANDEZ MERINO

## Un homenaxe a Luguís Freire

O concello de Sada, a simpática vila mariñán pobo natal do noso querido irmán o notabre poeta e dramaturgo D. Manuel Luguís Freire, acordou dar o seu nome a unha rúa d'aquela vila.

É este un feito que moito nos aleda e que pon de manifesto o agradecimento e a estima d'un pobo hacia un dos seus fillos ilustres que como Luguís honranos decote. D. Manuel merecía xa fai tempo un homenaxe así e non por ser tarde deixa de ter tamén igual sinificación meritoria e dina de aprauso.

Enviamos ao concello de Sada o noso parabén pol-o feliz acordo tomado que o honra e a D. Manuel a expresión cordialisima do noso cariño e felicitación.

## DE BÓS AIRES

CHÉGANOS unha nova de fondo intrés. «Céltiga» a formidabre revista cultural que publican os nosos irmáns residentes n'aquela República «Céltiga» e «El Correo de Galicia», o semario batallador que dirixe o gran xornalista Rodríguez Lence acaban de se fusionar para realizar d'acordo unha gran labor de

apostolado de galeguismo e de cultura galega na Arxentina.

Seguirán saíndo como deica o de agora as dúas publicacións encargándose da Adeministración o irmán Domingo Rial Seixo e sendo asesor en «Céltiga» Rodríguez Lence e segredario das dúas publicacións o querido Suárez Picallo. D'esa maneira a labor a realizar aumentará en posibilidades e a difusión dos xenerosos ideás que inspiran a autuación dos irmáns que interveñen n'esta obra. grandiosa de galeguismo ganhará en progreso.

Si sempre tivemos para os galeguistas da Arxentina unha ollada arelante, de cobiza, por estar ao tanto da sua labor, dende agora será maior pois a fusión ha de traer por consecuencia grandes momentos de laborar interesante e cousas de fonda importancia para a boa marcha da sua autuación patriótica.

Saudamos con agarimo a nova empresa da que agardamos moito e moi bon para a Santa Causa.

VICENTE RISCO  
ABOGADO

Santo Domingo, 47-2.º — Ourense

Imprenta LAR. Real, 36 - 1.º. A Cruña